Os Bosques de ribeira

A Xeira de hoxe discurre polas beiras do río Muíños, e a vexetación corresponde no fundamental, a o que chamamos un bosque de ribeira. Este tipo de formacións son abondosas en Galicia, dadas as altas precipitación e o accidentado do noso relevo, e teñen unha grande importancia ecoloxica xa que regulan a temperatura das augas, suxeitan as marxes dos cauces impedindo asó o seu arrastre polas cheas, e actúan de filtro verde purificando as augas que se incorporan ás correntes. Ademáis, as raiceiras destas árbores configuran sistemas labirinticos que constitúen refuxios para fauna acuática e anfibia.

No que a vexetación se refire, os bosques de ribeira atlánticos teñen como componentes principais unha cobertura de ameneiro ou amieiro (*Alnus glutinosa*), que aparece acompañado por outras especies arbóreas como o salgueiro (*Salix atrocinerea*), freixa (*Fraxinus angustifolia*). A estes pódenselle engadir outras especies arbóreas, coma os sabugueiros (*Sambucus nigra*), así coma especies de comunidades próximas, carballos (*Quercus robur*) ou piñeiros (*Pinus pinaster*), ou de procedencia foránea, coma a agresiva acacia (*Acacia melanoxylon*) ou o eucalipto (*Eucaliptus globulus*). Estre as especies de menor tamaño atopamos o estripeiro (*Crataegus monogyna*) ou o sanguiño (*Frangula alnus*).

Nestes entornos pechados compre destacar especies que buscan a luz con estratexias propias: o que chamamos estrato escandente ou lianas. Podemos incluir entre elas a hedra ou areira (*Hedera hibernica*), o chuchamel ou bigorda (*Lonicera periclymenum*), ou o lúpulo (*Humulus lupulus*). Tamén algunhas que proceden de comunidades diferentes, heliófilas, coma as cabrinfollas *(Calystegia sepium, C. silvatica*) que a miudo atopamos entre sebes.

Veremos ademáis outras herbáceas moi típicas, *Carex pendula*, a amenta de lobo (*Lycopus europaeus*), herba salgueira (*Lytrhum salicaria*) Herba de Santa Cunegunda (*Eupatorium cannabinum*, laxante), dulcamara (Solanum dulcamara, tóxica pero boa contra a s picaduras de avespa), herba dos encantos (*Circaea lutetiana*) ou a invasora herba da fortuna (*Tradescantia fluminensis*).

Non podían faltar nunha contorna con elevado grao de humidade os fentos. Veremos ao noso arredor varias especies, entre as cales facilmente poderemos

recoñecer a lingua de cervo (*Phyllitis scolopendrium*), Dentabrú (*Osmunda regalis*), fento macho (*Dryopteris affinis* subsp. *affinis*) e fento femia (*Athyrium filix-femina*)

No noso percorrido atoparemos tamén áreas colmatadas, o que queda de vellos sistemas de regadío ou canles de muíños que deixaron a súa pegada non só na toponimia. Veremos así agrións ou berros (*Rorippa nasturtium aquaticum,* coñecida antihelmíntica), ou espadaina (*Typha angustifolia*), con bofardos que foron tradicinal cana de fogueteiros pola súa lixeireza.

Herba da fortuna *(Tradescantia fluminensis).* Debido ao seu potencial colonizador e a constituir una ameaza grave para as especies autóctonas, os hábitats ou os ecosistemas, aparece *no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras*, aprobado por Real Decreto 1628/2011, de 14 de novembro, estando prohibida no Estado Español a súa introducción no medio natural, posesión, transporte, tráfico e comercio.



Dentabrú Ameneiro Lingua de cervo

O ameneiro ou amieiro (*Alnus glutinosa*) é unha árbore que acada 20 m, con sistema radical pouco profundo e nódulos nos que viven fungos actinomicetos do xénero *Frankia* que fixan o nitróxeno atmosférico. Vive mellor en terreos ácidos (silíceos) e húmidos. A súa madeira é branca, lixeira, e apodrece pronto en seco, pero resiste ben mergullada en auga (empregouse tradicionalmente para pezas dos muíños e zocas). A súa codia ten interese pola súas propiedades astrinxentes (polos taninos) e antirreumáticas.

Para saber máis:

GARCÍA , X.R. (2008). *Guía das plantas de Galicia*. Ed. Xerais.

SILVA PANDO, F.J. & A. RIGUEIRO (1992). *Guía das árbores e bosques de Galicia*. Ed. Galaxia.

As campás dun templo parroquial e santuario: a Saúde de Parada.

Unha imaxe da Virxe María chegaría polo bravío océano a Baiona en 1802 con destino a Nigrán. Unha advertencia ao inicio do *Libro de Qventas de la Virgen de la Salvd*[1] de Santiago de Parada, indica como a Virxe "fue remitida desde la ciudad de Sevilla por debocion de Don Domingo Román, natural de esta feligresía de Santiago de Parada, cuya imagen ofreció remitir el año que subcedió la pestilencia en aquella ciudad y la de Cádiz, y fue conducida por mar hasta el puerto de la villa de Bayona". Domingo Román reflexou deste xeito a súa devoción e mostra de agradecemento pola intercesión, pero tamén o desexo de perpetuar a súa memoria entre os seus paisanos. A Virxe embarcara dende o peirao baionés para seguir a súa travesía, polo río Miñor, ata o punto da Ramallosa onde, descargada, foi acompañada por dous músicos e gran xentío ata o seu novo templo onde se instala o 19 de setembro de 1802, sendo cura vicario, Francisco Andrés de Barros, natural de San Salvador de Padróns (Ponteareas). A súa chegada levou á feitura dun *anda* ou dun camarín, encargado ao escultor de Parada Gregorio Estévez por 1000 reais.

O novo culto establecíase nunha igrexa de pouso románico, de nave única rectangular, cuberta de madeira a dobre vertente e ábsida semicircular baixo bóveda de *cascarón* e canón apuntado (Bango,2012:885). O aumento da devoción naquel antigo templo é patente na chegada de esmolas en millo, trigo, viño, touciño, mazás, liño, roupas, hábitos, xoias, animais ou cera "en forma de miembros". Daquelas iniciais riquezas logo deron conta os amigos do alleo que non tardarían en saquear a igrexa en 1822. En 1838, ante o medo polos furtos que houbera en Baiona e Mañufe, repartiríanse algunhas xoias entre particulares "de orde": o comandante Francisco Fernández levou o pedestal e cruz parroquial, Benito Quirós o cáliz maior, Juan Manuel Figueiró a copa do viril e Benito Alborés "el cáliz que está imperfecto"[2].

Mentres tanto, cada primeiro domingo de agosto, os romeiros seguían enchendo o santuario e adro da Saúde como o facían o terceiro domingo na celebración das Angustias ou en setembro polo San Cosme de Baiona. Ao longo do século XX, os ingresos do santuario foron parar ao seu mantemento, reparación do adro ou casa de obra e funcións relixiosas. O esplendor destas últimas, a onde se destinaban boa parte dos ingresos, ía da man dunha maior atracción de feis. Alumeado, globos, fogos chegados de Rebordáns (1928), do fogueteiro de Nigrán José Piñeiro (1926) ou dos porriñeses Francisco Sequeiros e Manuel Rodríguez. Baixo o repique das campás, tocaron os gaiteiros de Mañufe, Lavadores e incluso o de Camos, ao que se pagaría 130 pesetas "incluso el ruído" en 1909. O acompañamento das *músicas* de Baiona, Coruxo, Priegue ou Porriño non faltaron tampouco na parte da festa profana, só paralizada entre 1936 e 1938 debido a Guerra Civil española. A comida e durmida da Garda Civil, como encargada de velar pola paz e sosego das romarías, correu tamén a costa do santuario neste tempo.

O libro de contas finalizado en setembro de 1960, sendo abade D. Jesús Montero Barrera, é a mostra palpable do devir do tempo nun santuario cheo de vitalidade e activo aínda nos nosos días.

As campás de Parada de Miñor:

A espadana da igrexa é de dous corpos: un primeiro, ao pé da balaustrada onde se abren dous vans para acoller as campás; e un segundo, de menor tamaño baixo frontón triangular con óculo e cruz central de remate, decorado nos seus laterais por dúas grandes volutas e pináculos. É de 1834 a solicitude que os

consiliarios dirixen ao Bispo de Tui para construír na igrexa parroquial de Parada unha espadana que, posiblemente, acabaría formando parte do programa constructivo desplegado na renovación de toda a fachada oeste onde, sobre a porta, aínda se pode ler **YGLESIA DE REFUGIO 1835**. Certamente, sabemos que sendo *mayordomo depositario* Manuel Figueroa (1834-novembro de 1835) se gastaron 6000 reais en pagarlle ao mestre canteiro Morgade "la echura de la espadana" e outros 600 reais "de los balaustres a los costados de la espadana, limpieza de la pared en el resto del frontis de la yglesia y la del patrón el Sr. Santiago". O enreixado do tragaluz correu a conta dun ferreiro de Santa Cristina da Ramallosa mentres, o carpinteiro Juan Figueiró, asegurou os puntais que sostiveron as campás "durante la obra de la ygl*esi*a". José Pérez de Vincios fixo o faiado novo contra a espadana así como os cepos para as campás. A fachada foi encintada durante oito días polo peón Francisco Cima e outros albaneis.

Descoñecemos os encargados de fundir as actuais campás de Parada dado que non deixaron o seu selo industrial nin firma en ningunha delas. A pesar disto,

polas características formais e decorativas da **campá pequena**, poderíamos estar ante unha peza do obradoiro dos Ocampo en Arcos da Condesa (Caldas de Reis).

Suxeita ao contrapeso ou xugo a base de ferraxes, a **campá pequena**, baixo as asas e o terzo con decoración floral, presenta as inscricións cos nomes da Sagrada Familia e, á mesma altura, o ano de fundición:

IHS MARÍA JOSÉ 1874 (Banda superior)

[1] Arquivo parroquial de Santiago de Parada de Miñor.

[2] Arquivo Histórico Diocesano de Tui (AHDT), Santiago de Parada, 1. Libro de fábrica (1831-1978), 10r-10v.

No anverso (ou cara de fóra) posúe a campá pequena unha cruz de pedestal en cono formada de estreliñas de cinco puntas que se unen, dende a base, coa decoración floreada que recorre a campá pola súa parte media onde, no reverso, en letras maiúsculas, se le:

PARADA

Entre os brincos inferiores pode lerse:

SIENDO ABAD D MANUEL ANTONIO ALONSO MARTÍNEZ

A campá grande, de maior sinxeleza decorativa, restrinxida ás puntillas, cruz no anverso, brincos e, ocupando o maior espazo, no medio do seu reverso, a lenda:

DONADA/ POR EL PUEBLO/ Y LA VIRGEN DE LA SALUD/ SIENDO ECÓNOMO/ D. JOAQUÍN VALVERDE GONZÁLEZ. SANTIAGO DE PARADA 1921

Recorren o corpo das campás firmas autógrafas de rapaces e rapazas da parroquia que, pola porta do coro, lograron nalgún momento da historia acceder a elas e, raiando o seu nome, apelidos e alcumes, figuran á beira dos encargados de repicalas, tanguelas e coidalas ao longo dos séculos, os sancristáns e sancristanas.

Para saber máis:

BANGO TORVISO, I.G. & VALLE PÉREZ, J.C. (COORD.) (2012) *Enciclopedia del románico en Galicia. Pontevedra.* Vol. II. Fundación Santa María La Real, Centro de Estudios del Románico. Aguilar de Campoo. pp.885-891.

DASAIRAS VALSA, X. (1995) *Os sinos dos tempos: campás de Vigo*. Vigo: Concellería de Patrimonio Histórico, Concello de Vigo.

GARCÍA ALONSO, C. (2012) *As campás galegas: fundicións.* Pontevedra: Deputación Provincial.

La Virgen de la Salud: 200 años en el Miñor. Santiago de Parada.

XI	**18- xoves**	*Baiona- Conferencia: Baiona 1936.*	Capitanía Marítima
	30-martes	*Gondomar- Camiño da Nosa Señora do Norte. De Gondomar a Vilaza.*	Estación de Autobuses de Gondomar
	31-mércores	*Nigrán- Paseo fluvial e toque de campás en Parada.*	Muíño Porto do Molle
AGOSTO	**1- xoves**	*Tomiño- O monte Tetón. Avances na investigación. Conferencia e visita.*	Salón de plenos de Tomiño
	6-martes	*Nigrán. Panxón- Retallos de historia, etnografía e arquitectura.*	Templo Votivo do Mar
	8-xoves	*Baiona- Paisaxes imaxinadas dende o Monte Real de Baiona. Conferencia e visita.*	Capitanía Marítima
	13-martes	*Nigrán- Polo mar de Panxón. Unha volta ás Estelas.*	Peirao de Panxón *Inscrición e pago previos.
	14- mércores	*Baiona- Conferencia. Os tempos na Colexiata de Santa María de Baiona.*	Capitanía Marítima

As Xeiras do Verán 2019

Paseo fluvial e toque de campás en Parada

Mércores, 31 de xullo de 2019

Hora: 18,30. Saída: Muíño Porto do Molle

Guías: Anxo Rodríguez Lemos, Xosé Ramón García.

Á porta do obradoiro de Arcos da Condesa. Tomada de docportas.worpress

Avda. da Feira 10, baixo
36390 Gondomar
Apartado de Correos 30
Telef. 986 360 575
www.iem.gal

TOQUES DA IGREXA DE PARADA DE MIÑOR		
DENOMINACIÓN	**CAMPÁ EMPREGADA**	**DESCRICIÓN**
Repique	**Campá grande e pequena**	Con motivo da primeira misa ás 6 da mañá, o día da Virxe da da Saúde, as campás repican á alba do gran día da romaría. Repican tamén as campás con motivo da saída de procesións. Era toque ordinario para avisar da morte de *anxeliño*.
Toque de *Abrir Sinal*	**Campá grande e pequena**	Tócase ao saber da existencia de defunto durante 20 minutos aproximadante. Se era home, o toque abríase con tres toques e tres carreiras e, sendo muller, de dous toques e dúas carreiras.
Toque de enterro	**Campá grande e pequena**	A saída e entrada do defunto na igrexa avisábase mediante o intercalado de toques entre a campá grande e pequena: dous na grande, un na pequena, un na grande, un na pequena. Repetíase o patrón dende a chegada e ata o altar maior e, á saída, ata a chegada da comitiva fúnebre á Costa da Tenda, camiño do camposanto.
Toque de gloria	**Campá grande e pequena**	As campás enmudecían durante os actos centrais da Semana Santa sen embargo, en Parada, repicaban os dous *días de gloria*, é dicir, o Xoves Santo á noite, anunciando a morte de Xesucristo, e o sábado de Resurreción na misa de vixilia ao resucitar.
Chamada á misa	**Campá grande e pequena**	Aviso empregado para chamar aos fieis á misa ordinaria dando en torno aos 10 badaleos na campá grande e outros tantos, aproximados, na campá pequena media hora ou un cuarto antes da misa.
Toque de arrebato ou a lume	**Campá grande e pequena**	Repique ordinario avisando de lume na parroquia.
Toque de oración	**Campá grande e pequena**	Dase un toque coas dúas campás á vez media hora antes, aproximadamente, da misa maior. 1 carreira coa grande+1 carreira coa pequena+ 1 carreira coa grande
Toque de Aniversario	**Campá grande e pequena**	Sendo diferente do toque empregado en San Pedro da Ramallosa, en Parada tocábase coincidindo cun aniversario unha hora á mañá e outra hora á tarde, antes da misa. Consistía o toque en dous badaleos na campá grande e dous na pequena seguindo sempre este patrón ata a misa.